

DATOS XERAIS DA MATERIA

- a) **Nome oficial**
Planificación Financeira
- b) **Titulación**
Dupla Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas e Dereito
- c) **Créditos**
9
- d) **Curso**
2009/2010
- e) **Código da materia**
621211401
- f) **Tipo**
T
- g) **Horario de clases**
1º Cuadrimestre: Luns (15.45-16.45) e Martes (15.45-17.45)
2ª Cuadrimestre: Luns (15.45-16.45) e Martes (15.45-17.45)
- h) **Departamento/s responsable/s.**
Economía Financiera e Contabilidade
- i) **Profesor/a coordinador/responsable da docencia**
Anxo Calvo Silvosa

Información por grupo

- 1) **Nome e apelidos do profesorado que impartirá docencia**
Anxo Calvo Silvosa
Begoña Álvarez García
- 2) **Lugar e horario de titorías (1º Cuadrimestre)**
Titorías Anxo Calvo
Luns de 10.30 a 12.30, de 13.30 a 14.30, de 17.00 a 20.00 h
Titorías Begoña Álvarez
Luns de 15:45 a 17:45
Martes de 11:30 a 14:00
Xoves de 12:30 a 14:00
- 3) **E-mail**
Anxo Calvo Silvosa: calvo@udc.es
Begoña Álvarez García: balvarez@udc.es
- 4) **Universidade Virtual (Si/Non)**
Si
- 5) **Lingua na que se impartirá a docencia**
Galego

OBXECTIVOS DA MATERIA

1. Profundar no concepto, ámbito e problemas que ten que enfrontara Economía Financeira da Empresa.
2. Definir e localizar a Planificación Financeira no seo da Economía Financeira da Empresa.
3. Definir un Sistema de Plans: Plan Director, Plan Estratéxico, POA e Orzamentos.
4. Profundar no estudo dos obxectivos empresariais: Determinación, indicadores, xestión orientada ao cumprimento de obxectivos...
5. Trasladar ao alumnado os conceptos básicos dentro da Planificación Financeira e a súa conexión co resto de funcións que se desenvolven na empresa.
6. Exposición dun modelo completo de Planificación Financeira.
7. Abordar o Control do Plan Financeiro tanto ex ante como ex post.

COMPETENCIAS DA MATERIA

Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa situación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.

saber facer

Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera labor de xestión en ela encomendada.

saber ser/estar

Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.

saber

saber facer

Redactar proxectos de xestión global ou de áreas funcionais da empresa

saber

saber facer

Identificar as fontes de información económica principais e o seu contido, derivando dos datos a información relevante.

saber facer

Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados na utilización de instrumentos técnicos.

saber facer

Utilizar, de xeito habitual, a tecnoloxía da información e as comunicacións en todo o seu desenvolvemento profesional.

saber facer

Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

saber facer

Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

saber

saber facer

Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

saber

CONTIDOS

FUNDAMENTOS

TEMA 1. A Economía Financeira da Empresa

TEMA 2. A Planificación Financeira da Empresa

TEMA 3. Conceptos básicos sobre Obxectivos Empresariais.

TEMA 4. A creación de Valor na Empresa

TEMA 5. A Xestión Baseada no Valor

MODELO DE PLANIFICACIÓN FINANCIERA

TEMA 6. O Estado de Cash-flow Previsional

TEMA 7. As Necesidades de Circulante

TEMA 8. O Orzamento de Capital

TEMA 9. O Orzamento de Tesouraría

TEMA 10 A Síntese Orzamentaria

TEMA 11 O Control do Plan Financeiro

METODOLOXÍA

Solución de problemas: Proporase ao alumnado unha colección de problemas para facilitar a comprensión dos conceptos expostos nas sesións maxistras.

Encargaráselles a súa resolución persoal e posteriormente serán corrixiados e discutidos na aula. Computará cun 10 % da cualificación final.

Sesión maxistral: Nas sesións maxistras expóranse os contidos teóricos do temario da materia facendo especial fincapé naqueles asuntos de máis difícil comprensión. Empregaranse tecnoloxías como a presentación electrónica, a folla de cálculo...

Estudo de casos: Proporase ao alumnado unha colección de casos para que sexan resoltos de maneira individual ou en grupo. Para a resolución deberán empregar como ferramenta básica a folla de cálculo. Estes traballos unha vez entregados formarán parte da cualificación final. Computará cun 20 % da cualificación final.

Lecturas: Proporase ao alumnado a lectura de textos para facilitar a comprensión dos conceptos teóricos expostos nas sesións presenciais ou para profundaren eles persoalmente en aspectos relacionados co temario da materia.

Proba de resposta múltiple: Consistirá en probas tipo test sobre aspectos teóricos ou prácticos vistos nas sesións presenciais, na resolución dos problemas ou no estudo de casos. Computará cun 70 % na cualificación final da materia.

AVALIACIÓN

- Solución de problemas: Os docentes proporán unha colección de problemas para a súa resolución individual. O alumnado deberá achegar estes problemas resoltos. Posteriormente serán corrixidos en clase. Ponderación: 10%
- Estudo de casos O alumnos deberán formular un plan financeiro dunha empresa a partir dun caso práctico proposto polos docentes. Empregarán a folla de cálculo para a elaboración dos estados financeiros previsionais expostos nas sesións maxistrais. Será entregado para a súa corrección e eventualmente exposto en clase. Ponderación: 20%
- Proba de resposta múltiple Consistirá nunha proba tipo test de resposta múltiple sobre aspectos teóricos ou prácticos expostos nas sesións maxistrais, na resolución de problemas ou nos casos propostos polos docentes ao alumnados. Haberá un mínimo de dúas probas e un máximo de catro. Para superar a materia, cumprirá aprobar todas as probas por separado. Ponderación: 70%

FONTES DE INFORMACIÓN

- Cabanelas, J. (1997): *Dirección de Empresas. Bases en un entorno abierto y dinámico Madrid*. Pirámide.
- Copeland, T.E.; Koller, T.; Murrin, J. (1995): *Valuation: Measuring and Managing the Value of Companies* New York. Wiley & Sons.
- Fernández, P. (1999): *Valoración de Empresas* Barcelona. Gestión 2000. Pérez Carballo, J.F. (1996): *El Control de la Gestión Empresarial* Madrid. Ed ESIC.
- Rappaport, A. (1998): *La Creación de Valor para el Accionista*. Bilbao. Ed. Deusto.
- Rodríguez, A. (2009): *Planificación Financiera Aplicada*. Santiago de Compostela. Tórculo Edicións.
- Rodríguez, A.; Iturralde, T. (2008): *Modelización Financiera Aplicada. Modelos de Planificación Financiera con Excel*. Madrid. Delta publicaciones.
- Ruiz, R.J.; Gil, A.M. (1999): *La Planificación Financiera de la Empresa*. Madrid. Instituto Superior de Técnicas y Prácticas Bancarias.